

1) Sofía é unha persoa bastante enérxica e ten 33 anos. Estudou ciencias políticas e acabou entre as primeiras da promoción. Cando era estudante militou moi activamente nos movementos estudiantís do Campus, especialmente na loita antinuclear e contra a discriminación. Determina cal das proposicións seguintes é máis probable:

- a) Traballa nun banco.
- b) Traballa nun banco e é unha activa militante feminista.

2) Imaxina que es un xeneral rodeado por unha forza inimiga moi importante que eliminará o teu exército de 600 soldados a menos que te decidas por unha das dúas posibles vías de escape:

Vía A: Por esta vía salva a 200 soldados.

Vía B: Por esta vía ten unha probabilidade $1/3$ de salvar a todos e $2/3$ de non salvarse ningún.

Que decisión debes tomar?

3) Imaxina que es un xeneral rodeado por unha forza inimiga moi importante que eliminará o teu exército de 600 soldados a menos que te decidas por unha das dúas posibles vías de escape:

Vía A: Por esta vía morren 400 soldados.

Vía B: Por esta vía ten unha probabilidade $1/3$ de non morrer ningún soldado e $2/3$ de morrer todos.

Que decisión debes tomar?

4) Preséntase un xogo con dúas posibilidades:

Caso A: Ganancia segura de 30.000 €.

Caso B: Unha probabilidade do 80% de gañar 40.000 € unha probabilidade do 20% de non gañar nada.

Que xogo prefires?

5) Preséntase un xogo con dúas posibilidades:

Caso A: Pérdida segura de 30.000 €.

Caso B: Unha probabilidade do 80% de perder 40.000 € unha probabilidade do 20% de non perder nada.

Que xogo prefires?